

PROGRAMA DE CONTIDOS DO CURSO

Mércores 24/02/2016. De 17:00 a 20:30.

Salón de actos do CFR de Pontevedra (Pranta baixa).

Presentación do curso.

Ponencia de Néstor Valcárcel Teijeiro:

- Responsabilidade profesional docente. Fundamentos.
- Regulación civil, administrativa e penal. Protocolos de actuación.
- Responsabilidade por acción ou omisión. Neglixencia ou culpa.
- Seguro escolar.
- Alerta escolar.

Xoves 25/02/2016. De 17:00 a 20:30.

Aula 1 do CGTD de Pontevedra (2º andar)

Ponencia de M^a Isabel Portela Ferreño:

- Cadea de supervivencia universal.
- Pautas de actuación ante unha situación de emerxencia: conduta PAS.
- Valoración primaria e secundaria.
- Mobilidade e manexo urxente da vítima.

Mércores 02/03/2016. De 17:00 a 20:30.

Aula 1 do CGTD de Pontevedra (2º andar)

Ponencia de M^a Isabel Portela Ferreño:

- Soporte vital básico. Algoritmo universal. Secuencia de actuación.
- Posición lateral de seguridade.
- DESA.

Xoves 03/03/2016. De 17:00 a 20:30.

Aula 1 do CGTD de Pontevedra (2º andar)

Ponencia de M^a Isabel Portela Ferreño:

- Primeiros auxilios ante:
 - Obstrución da vía aérea por corpo estrano.
 - Hemorraxias e shock.
 - Feridas.
 - Traumatismos.
 - Picaduras.

Mércores 09/03/2016. De 17:00 a 20:30.

Aula 1 do CGTD de Pontevedra (2º andar)

Ponencia de M^a Isabel Portela Ferreño:

- Primeiros auxilios ante:
 - Urxencias por alteracións da termorregulación.
 - Crises Diabéticas, asmáticas ou convulsivas.
- O collarín cervical.
- O Botiquín.

Xoves 10/03/2016. De 17:00 a 20:30.

Salón de actos do CFR de Pontevedra (Pranta baixa).

Ponencia de Carlos Leirós Rodríguez:

- Recomendacións para o exercicio físico ao alumnado con diabetes.
- Ferramentas e recursos á hora de planificar exercicio físico en alumnado diabético.

Ponencia de Maika López Álvarez:

- Alimentación como hábito de vida saudable.
- Deseño de propostas dietéticas sinxelas.
- Beneficios e riscos para a saúde derivados da dieta.

BREVE RESEÑA DO CURRÍCULO DOS PONENTES

Néstor Valcárcel Teijeiro é Licenciado en Dereito pola USC, matrícula de honra en Dereito Civil, Político e Internacional.

É Funcionario do Corpo Superior da Administración da Xunta de Galicia, prestando servizos en institucións tales como as Consellerías de Educación e Sanidade, SERGAS ou MUPEGA. Desempeñou cargos como o de asesor xurídico ou Secretario Xeral da Consellería de Educación.

M^a Isabel Portela Ferreño é Diplomada en Enfermería. Profesional nos servizos de urxencia e radioloxía do CHOP, Hospital Domínguez e Centros de saúde dependentes do SERGAS. É a formadora para a zona de Pontevedra de Cruz Vermella en RCP, DESA e urxencias sanitarias.

Carlos Leirós Rodríguez é Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte pola Universidade de Vigo. Master de investigación en Ciencias da Actividade Física, Deporte e Saúde. Investigador do Grupo HI10 da Universidade de Vigo. Dirixiu o desenvolvemento da aplicación que controla a actividade física das persoas diabéticas: Diabesport.

Maika López Álvarez é Licenciada en Farmacia pola USC e Diplomada en Nutrición Humana e Dietética pola UNAV. Dirixe o centro de nutrición e de formación nutricional en Vigo: Nutrisalud. Vogal de Nutrición no Colexio de Farmacéuticos da provincia de Pontevedra e a encargada da Campaña de Prevención da Obesidade Infantil nas Oficiñas de farmacia. Esta actividade de formación realízase en colaboración con:



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte

Primeiros auxilios nas actividades de Educación física

P1501025



Salón de actos do CFR de Pontevedra

(Primeira e derradeira sesións do curso)

Aula 1 do CGTD de Pontevedra

(2^a, 3^a, 4^a e 5^a sesións do curso)

Actividade formativa de 20 horas de duración



centro de
formación e recursos

Rúa Celso Emilio Ferreiro 4,
36005 Pontevedra

T +34 986 872 888
F +34 986 872 177

cfr.pontevedra@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/cfrpontevedra



centro de
formación e recursos

Rúa Celso Emilio Ferreiro 4,
36005 Pontevedra

T +34 986 872 888
F +34 986 872 177

cfr.pontevedra@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/cfrpontevedra